



A Asociación de Usuarios de Software Libre da Terra de Melide (MeLiSa) ven desenvolvendo, durante os últimos anos, un labor de apoio e divulgación do software libre R (<https://www.r-project.org/>) colaborando na organización das xornadas de usuarios de R en Galicia (<https://www.r-users.gal/>), nas xornadas de software libre científico (<http://xornada.melisa.gal/>) e en proxectos relacionados con R como son EpiLinux (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Epilinux>) e BioStatFLOSS (<https://www.sergas.es/Saude-publica/BioStatFLOSS>).

Como parte desta implicación da Asociación MeLiSA no ámbito de R, e dentro da VI Xornada de Usuarios de R en Galicia, se presenta por primeira vez a convocatoria do «**Concurso Melisa con R**» no que se proporá ás persoas interesadas entregar un proxecto de análise ou visualización sobre un conxunto de datos común.

1. BASES:

Poderá participar no concurso calquera persoa física, de calquera nacionalidade, a título individual ou calquera grupo, empresa ou institución a título colectivo. Cada participante poderá presentar un máximo de DOUS traballos.

Os traballos deberán de ser orixinais e se poderán presentar en galego ou castelán, indistintamente. Presentaranse nas datas especificadas nesta



convocatoria enviando o propio traballo ou un enlace de descarga do meso á dirección de correo electrónico concurso@melisa.gal.

Os traballos deberán de ser reproducibles (entregando o resultado final e o código e instrucións necesarios para poder reproducir e avaliar o proxecto). Presentaranse baixo unha licenza libre (CC, GNU ou similar).

2. PROPOSTA:

Tomando como referencia o conxunto de datos **DatosR_SIMCA.csv**, que se pode descargar desta mesma páxina, se pide elaborar un proxecto no que, utilizando R como ferramenta principal, se realice un estudo sobre os mencionados datos, aportando como resultado final unha interpretación dos mesmos en forma de informe, estudo estatístico, visualización gráfica, aplicación ou calquera outro formato que serva para ilustrar o traballo realizado.

O conxunto de datos é un ficheiro con datos de mortalidade por distintos tipos (13) de cancro , diferenciados por sexo, en Galicia no período 1980-2017. Os datos están agrupados por idade e por delimitación xeográfica (Provincia e/ou EOXI) por mor do cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos e do segredo estatístico (lexislación que non permite publicar datos desagregados ou cunha agregación que permita identificar individuos). O conxunto de datos ten un total de 270.864



registros e a súa estrutura é a seguinte:

- **cancro:** tipo de cancro (13 tipos)
- **sexo:** home, muller ou ambos
- **agrup:** tipo de agrupación xeográfica (Galicia, provincia ou eoxi)
- **eoxi:** nome da eoxi correspondente, no caso de que o campo “agrup” indique unha agrupación xeográfica por eoxi
- **provincia:** nome da provincia correspondente, no caso de que o campo “agrup” indique unha agrupación xeográfica por provincia
- **ano:** ano de defunción
- **gidade:** grupo de idade
- **def:** número de defuncións
- **pob:** poboación total dese grupo de idade, nese ano e na agrupación xeográfica indicada.

Nota: Unha EOXI é una "Estructura Organizativa de Xestión Integrada" utilizada polo Servizo Galego de Saúde e agrupa concellos. Máis información aquí: <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/As-sete->



[estruturas-de-Galicia](#)

Ademais do conxunto de datos principal, apórtanse unha serie de datos auxiliares que poden ser (ou non) utilizados para a realización do traballo. Estes datos son as poboacións estándar (galega, española e europea) fragmentadas por grupos de idade e as capas xeográficas de Galicia por Provincias e EOXIs, en formato SHP.

3. A TER EN CONTA:

Valorarase que o proxecto estea desenvolvido principalmente con R ademais da reproducibilidade do traballo presentado, a calidade do código e a documentación (si a houbera) presentados e, en xeral, a adaptación ás bases do concurso.

4. PREMIO:

O premio para o gañador consistirá nun ordenador compacto **Slimbook ZERO Intel** cunha configuración valorada en 300€. Máis información: <https://slimbook.es/zero>

A elección deste premio ven dada porque é un produto construído con hardware e software libres dunha empresa española que basea o seu modelo de negocio neste tipo de filosofía.



5. COMO PARTICIPAR:

Descargar, a partir do 15 de outubro, as bases completas do concurso e os datos da web das Xornadas de Usuarios de R en Galicia (<https://www.r-users.gal/>)

Presentar un proxecto nas condicións anteriormente descritas, antes do 1 de decembro (non incluído), enviando un correo electrónico a concurdor@melisa.gal co traballo a avaliar ou, no seu defecto, cun enlace para a súa descarga.

O fallo de xurado publicarase antes do 31 de decembro.

6. CONSENTIMENTO:

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases. O seu incumprimento supón a expulsión do concurso.

A decisión do xurado será inapelable.

Os participantes renuncian expresamente a recorrer a outras instancias na contra da decisión do xurado e os patrocinadores.

Participar no concurso implica que o traballo presentado é orixinal e que poderá ser publicado baixo unha licenza libre na web do grupo de usuarios



de R en Galicia e/ou na web da Asociación MeLiSA.

* * * * *